



Tito fai de malabarista



Guido
van Genechten





Tito era a estrela do Circo Rando.



Actuaba todos os días.


Tito xogaba.


Tito bailaba seguido.

Tito rebuldaba sen couto.

E, cando caía, todos esmendrellaban de risa.








Mais un día,
mentres **Tito** facía
o seu célebre número
coas pelotas de cores,
aconteceu
algo extraño...

Tito non se decatou ata rematar
a actuación.

–¡O nariz! ¡Perdín
o nariz! – saloucou.

Buscou e
rebuscou.
Pero nada,
non o
deu atopado.







Tito marchou no
autobús á cidade
para mercar
un nariz novo.

Sentiuse miúdo,
miudiño, cando
a dependenta
da tenda lle preguntou:

–¿En que che
podo axudar?

–Pois... ando a buscar un nariz...


– contoulle **Tito**.



–Estes son os que se estilan este ano –sorriu
a moza, ofrecéndolle a **Tito**
un nariz **cadrado**.



Tito
probouno.
—Non —dixo—.
Isto non é
o que ando
a buscar.



Entón a dependenta sacou un nariz **triangular**.
–Tampouco é isto o que ando a buscar –dixo **Tito**
ollándose no espello.




Desta vez sacou un nariz con forma de **rombo**.

Tito probouno.

–Non –saltou outra vez.






Finalmente, a dependenta sacou
todos os narices que lle quedaban.

Tito foinos probando.


Cada vez que probaba un,
negaba coa cabeza.

¡Non daba atopado o nariz
que andaba a buscar!





Non deu
en toda a cidade
cun nariz redondo.
«Isto é o final
–pensou **Tito**–.
¿Quen vai querer
un pallaso
sen o seu nariz
vermello
e redondo?».






CIE



Esa noite **Ti**to tivo un soño.
Soñou que un paxaro
lle devolvía o nariz.





Pero cando espertou,
seguía sen el.
Desacougado, foi ver
o dono do circo.

O home alentou
a **Tito**
dicíndolle :
-iO público
gusta de ti e
das cousas que fas,
aínda que
non teñas nariz!





-**Ti**to, sen ti
espectáculo
non hai -afirmou-.

Ti es a estrela
do Circo Rando.

Daquela **Ti**to
comprende
que o público o quería
e que estaba a esperar
por el.

Tito correu.
Tito rebuldou seguido.
Xogou e bailou que era moito.
E, cando **Tito** facía
o seu célebre número
coas pelotas de cores,
jaconteceu
algo marabilloso!

E o público non parou
de aplaudirlle e de rir.

